



Retallos de mundo: Mainz (Maguncia), a cidade onde naceu a imprenta

31 de marzo 2024 [Xesús Constela](#)

[https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-mainz-maguncia-a-cidade-
onde-naceu-a-imprenta_352788_102/4276462.html](https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-mainz-maguncia-a-cidade-onde-naceu-a-imprenta_352788_102/4276462.html)

De pequeno ensináranme no colexio que a imprenta fora inventada **en Maguncia por un home que se chamaba Gutenberg**, e que o primeiro libro que se imprimira fora unha **Biblia**, e aínda tardei unha boa chea de anos en saber que ese lugar do que me falaran era a **fermosa cidade alemá de Mainz**, que está no suroeste do país, na **beira occidental do río Rin**, xusto no punto en que conflúe co Meno, o seu principal afluente, e é a capital do estado de Renania-Palatinado.

Amante como son dos libros, a invención da imprenta, á que non só lle debemos todas as lecturas que fixemos na vida senón tamén a posibilidade de podermos editar e, xa que logo, divulgar as cousas que escribimos, sempre me pareceu unha efeméride dunha importancia tal que quixen que quedase plasmada na miña primeira novela, ***Libro das alquimias***, nesa escena na que o vello bibliotecario xordo lle explica ao neno protagonista algo así como que a imprenta "*representou unha verdadeira revolución porque grazas a ela os libros comezaron a se espallar polo mundo enteiro e puideron atopar acubillos até entón insospeitados*."

Cando estaba a preparar esa novela, que xira arredor do mundo das bibliotecas e a palabra escrita, investiguei a vida do **inventor da imprenta**, unha máquina que supuxo unha innovación de tal magnitude que está considerada coma un dos principais motores do que coñecemos como modernidade.

O nome completo dese inventor era **Johannes Gensfleisch zur Laden zum Gutenberg**, e apenas se sabe nada acerca da súa vida, nin sequera a data exacta do seu nacemento, aínda que se pensa que puido ter lugar nalgún día de san Xoán, a súa onomástica, entre os anos 1393 e 1406 na vila de Mainz, Maguncia, que daquela formaba parte do Sacro Imperio Romano Xermánico.

Traballou como ferreiro para o bispo da cidade e logo como prateiro na cidade de Estrasburgo, onde comezou a artellar o que sería o seu gran invento, a imprenta de tipos móbiles, que chegado o ano 1450 lle permitiría imprimir nada menos que **corenta e oito copias dunha mesma Biblia** en moito menos da metade do tempo que tardaba en copiar unha soa calquera dos monxes copistas que traballaban arreo nos obradoiros e as bibliotecas dos mosteiros da época.

Sentinme moi satisfeito cando tiven diante de min un exemplar orixinal desas primeiras Biblias impresas exposto no flamante **Museo Gutenberg da cidade de Mainz**, cuxa sede principal ocupa

un fermoso edificio renacentista coñecido como **Haus Zum Römischen Kaiser, ou Casa do Emperador Romano**, e foi inaugurado no ano 1900 con motivo do quinto centenario do nacemento do inventor da imprenta, aínda que dende entón pasou por varias remodelacións e ampliacións para poder dar acollida a unha enorme colección de varios centos de miles de artigos relacionados coa vida, a obra e os inventos de Gutenberg, ademais de interesantes manuscritos, e tamén ferramentas, e técnicas de impresión, e máquinas tipográficas e de encadernación, e tamén imprentas de todas as procedencias imaxinábeis, e moitos outros obxectos relacionados coa cultura da palabra escrita dende os manuscritos medievais até os nosos días, un deses lugares que me fixo gozar de verdade e me absorbeu de tal xeito que non deixou que me decatase do paso do tempo.

E cando por fin saín do museo, que visitei o primeiro día da miña estancia na cidade, dediquei varias xornadas a visitar Mainz, a Maguncia da que me falaran no colexio, con toda a calma do mundo, e por iso souben que o seu nome procede dunha cidadela romana que se chamaba **Moguntiacume** fora fundada alá polo ano 38 de antes da nosa era, e que na Idade Media se convertera no centro da cristianización dos pobos xermanos ao tempo que empezaba a dar acollida a un enorme núcleo de poboación xudía que o pasou realmente mal durante a Segunda Guerra Mundial, un tempo en que a cidade quedou practicamente reducida a cascallos.

Un exemplo do que puido representar esa destrución puiden observalo nas vidreiras da **igreja gótica de Stephanskirche, ou de Santo Estebo**, situada nun outeiro no centro da cidade, que acabaron totalmente esnaquizadas polos bombardeos e foron substituídas entre os anos 1978 e 1981 por outras realmente fascinantes deseñadas polo gran **Marc Chagall**, que, aínda que accedeu a facelas, dixo que como era xudeu non estaba de ningunha maneira disposto a viaxar a Alemaña polo mal que o pasara ao longo da guerra, cando tivera que fuxir a Nova York tras da ocupación de Francia polas tropas de Hitler, así que nunca chegou a velas instaladas.

Outro dos lugares que me deixou francamente impresionado foi a que se coñece como **Marktplatz ou praza do Mercado**, a máis popular da cidade, que se converteu en lugar de compra e venda de mercadorías diversas cando se construíu a catedral no ano 975.

Non me resultou nada difícil imaxinar os comerciantes medievais a vender ou intercambiar os seus produtos porque, como visitei a cidade a finais dun mes de novembro, na praza xa estaba en marcha un deses grandes mercados de nadal que se instalan en Alemaña e que sempre me resultaron moi atractivos porque, ademais de estar moi animados, me parecen os lugares ideais para degustar a **gastronomía tradicional** que se cociña nos moitos postos de comida e tamén, como non, para botar uns bos grolos de *glühwein*, o delicioso viño quente que tan ben senta para combater o frío.

A **catedral románica de Mainz**, un enorme edificio de arenito vermello que foi escenario de varias coroacións de monarcas alemáns e, malia ser comezada no ano 975, non se inaugurou até o 1239, ten unha fermosa galería de columnas que bordea todo o seu perímetro por baixo da liña do tellado e varios elementos de diferentes estilos que se foron engadindo co paso do tempo, como uns campanarios góticos e un imponente teito barroco que coroa a súa inmensa gran nave central cunha altura de tres andares, pero é simplemente un dos moitos atractivos que a cidade me ofreceu, porque a min, persoalmente, resultoume máis que agradábel o paseo pola praza e as rúas da zona coñecida como *Kirschgarten*, que está rodeada por abraiante casas construídas entre os séculos XV e XVIII con fachadas de entramados de madeira entre as que destaca unha que no seu baixo acolle un local que se chama *Weinhaus zum Spiegel*, onde tiveron oportunidade de degustar especialidades típicas dunha rexión rica en variedades de queixos e

embutidos antes de ir camiñando até a *Nagelsäule*, unha columna erixida durante a Primeira Guerra Mundial, a *Eisenturm*, que é unha das tres torres da antiga muralla que sobreviven na actualidade, ou o gran *Staatstheater*, ou Teatro do Estado, o meirande centro cultural da cidade, e, como non, o **fastoso Palacio Electoral, do século XVII e na beira mesma do río Rin**, que foi residencia do arcebispo e, logo ser reconstruído tras dos terríbeis bombardeos do ano 1945 que provocaron un incendio que durou dous días, na actualidade acolle o **Museo Central Romano-Xermánico**, do que é importante salientar que na súa colección permanente, entre outros obxectos, expón máis dun cento de pezas celtibéricas espoliadas en diferentes xacementos da [serra](#) aragonesa de Moncayo.

Pero, a dicir verdade, e sen lugar a dúbidas, a fonda pegada que deixou en min a cidade de Mainz, a Maguncia que aprendera no colexio da miña nenez e nunca soubera onde estaba, foi, **verdadeiro amante como son dos libros antigos**, poder ter diante de min unha das grandes Biblias impresas por Gutenberg no ano 1450 e poder percorrer as rúas da cidade onde o xenio inventou a imprenta. Simplemente por iso xa puiden regresar a casa satisfeito.